



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO ELECTRÓNICO

Data: 22/08/2017 15:11:18

SAÍDA 359807 / RX 1190553



Concello da Laracha
Praza do concello s/n
A Laracha
15145 A Coruña

RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DO MAR POLA QUE SE DENEGA AO CONCELLO DE LARACHA, CON NIF P1504200E A SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO "CENTRO COMUNITARIO COSTA DA MORTE" CON CÓDIGO GALP3-015 AO ABEIRO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO.

Vista a proposta efectuada polo GALP COSTA DA MORTE para a 1ª convocatoria do ano 2017, das axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas pola Consellería do Mar aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do FEMP, na que se propón a concesión de axuda ao proxecto presentado polo Concello de Laracha, con NIF P1514200E: "Centro Comunitario Costa da Morte", con código GALP3-015.

Revisado o correspondente expediente, ao abeiro da seguinte normativa de aplicación:

- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº1083/2006, do Consello.
- Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE), nº 861/2006, (CE), nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.
- Regulamento nº 966/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e polo que se derroga o Regulamento (CE, Euratom) nº 1605/2002 do Consello.
- Programa Operativo para España do FEMP, aprobado por decisión de execución da Comisión de 13.11.2015 C(2015) 8118 final.
- Criterios de selección para a concesión de axudas no marco do Programa Operativo do FEMP aprobados polo Comité de Seguimento.





- Regulamento (UE) nº 1407/2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos.
- Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, con especial e explícita referencia ao fraude do artigo 20.4.a, e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2016.
- Convenios de colaboración asinado entre a Consellería do Mar e o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro.
- Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra o fraude.
- Regulamento (CE) nº 1005/2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e no regulamentada.
- Regulamento (CE) nº 1224/2009 polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da Política Pesqueira Común.
- Directiva 2008/99/CE, relativa á protección do medio ambiente mediante o Dereito Penal.
- Lei 3/2001, de Pesca Marítima do Estado, modificada pola Lei 33/2014 cuxo Título V regula o réxime de infraccións e sancións no sector pesqueiro.

A conselleira do Mar, RESOLVE denegar ao Concello de Laracha, con NIF P1514200E, a solicitude de axuda para o proxecto "Centro Comunitario Costa da Morte", con código GALP3-015, por non acreditar a dispoñibilidade do inmovible, segundo o esixido no artigo 19.6 da Orde de 24 de maio de 2018, dentro do prazo de presentación de solicitudes da axuda (1 de marzo de 2017).

En particular, a escritura pública de cesión do solar no que se pretende construír una edificación ten data do 23 de marzo de 2017 sendo por tanto posterior á data límite de presentación de solicitudes 1 de marzo de 2017.





O feito de non acreditar a dispoñibilidade do terreo no prazo esixido pola normativa de aplicación determina a imposibilidade de análise da totalidade do proxecto.

Contra esta resolución poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

Notificación: mediante este documento notifícolle a presente resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Santiago de Compostela

A conselleira do Mar

P.D. Orde 30.03.2012 (DOG 12-04-2012)

D.A 9ª Decreto 177/2016, do 15 de decembro

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

